



SECTOR LÁCTEO

INFORME SECTORIAL 2

Producción de leite de vaca nas rexións NUTS-2 da UE-28 e produción de leite en España e Galicia en 2020 en comparación con 2019



Fundación Juana de Vega
2021



Fundación
Juana de Vega



Producción de leite de vaca nas rexións NUTS-2 da UE-28 e produción de leite en España e Galicia en 2020 en comparación con 2019

Rexións NUTS-2

Preséntase neste documento unha breve análise das rexións da UE-28 cunha maior produción de leite de vaca, así como da produción de leite de vaca en España e Galicia no 2020 respecto ao 2019.

As rexións estúdanse segundo as unidades territoriais NUTS, establecidas no Regulamento N°2066/2016 da Comisión Europea, escollendo o nivel NUTS-2 por atoparse as Comunidades Autónomas españolas neste nivel. Asíse que esta división pode crear distorsión, pero considérase que esta é a clasificación zonal máis acaída para ver o que ocorre en rexións “semellantes” a Galicia.



Na Figura 1 reflíctense as vinte rexións cunha maior produción de leite (entregas á industria + consumo na granxa) na UE-28 no ano 2019 (inclúese Reino Unido por estar aínda dentro da UE), segundo datos da Eurostat (aínda non dispoñibles os de 2020). Galicia, única rexión española presente neste listado, encóntrase na parte media do mesmo ocupando o décimo lugar. Estas 20 rexións, que representan o 7% das rexións NUTS-2 europeas, producen máis de 60 millóns de toneladas de leite, equivalente a máis do 35% da produción da UE.




Figura 1. Produción de leite (x1.000 t) nas principais rexións produtoras de UE-28 (2019).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

Na Figura 2 pode verse o mapa da produción na UE-28 por rexións NUTS-2 e algúns países veciños como Turquía. Gran parte da produción concéntrase no arco atlántico, sendo Galicia a rexión máis ao sur cunha maior produción da UE.




Figura 2. Producción de leite nas rexións NUTS-2 da UE-28 e países veciños (2019).

Fonte: Eurostat

Na seguinte figura analízase a variación da produción entre os anos 2014, último ano coa produción restrinxida polas cotas lácteas, e 2019, último ano con datos dispoñibles na Eurostat das rexións NUTS-2 (Figura 3). Destaca o gran incremento do sur de Irlanda, con case 1,3 millóns de t (un incremento do 27,7% nun período de 5 anos), mentres que a seguinte rexión apenas supera as 500 mil t, Friesland (Países Baixos), que tamén aumentou máis do 20%. No lado oposto están as principais rexións lácteas francesas, que se manteñen estables ou incluso diminuíron a produción. Pola súa parte, Galicia, cun aumento de preto de 250 mil t (+9,3%), é a novena rexión que máis medrou.

Na Figura 4 analízase a produción de Galicia respecto das rexións cunha produción similar (no rango de 2,7-3,1 millóns de t) nos últimos anos, para ver a situación e posible evolución de Galicia respecto destas. A variación preséntase desde 2017 para ver os cambios nos anos máis recentes.




Figura 3. Variación da produción (x1.000 t e %) nas principais rexións produtoras de UE-28 (2014-2019).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.




Figura 4. Variación da produción nas rexións cunha produción similar a Galicia na UE-28 (2017-2019).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

No rango comentado atópanse 6 rexións, Basse-Normandie (3,10 millóns t en 2019), Schleswig-Holstein (3,04 millóns t), Podlaskie (2,91 millóns t), Galicia (2,90 millóns t), Lüneburg (2,84 millóns t), e Friesland (2,74 millóns t). O maior incremento de produción nestes últimos tres anos foi en Galicia (5,46%), polo que de manterse esta tendencia podería “ascender” no listado de rexións produtoras. Isto ten multitude de condicionantes, por exemplo, desde o efecto da covid-19 ata a lexislación medioambiental dos Países Baixos, pero é algo que hai que ir analizando cos datos dos próximos anos. Na Figura 5 pode verse a comparación



das entregas á industria entre 2019 e 2020. A pesar de que non é exactamente o mesmo dato (son só as entregas á industria) e é por países, semella que a produción en Francia e Alemaña, onde se encontran 3 destas 6 rexións, permanece estable, en Polonia segue medrando a un ritmo considerable e en Países Baixos faíno de forma similar a España. Con todo, a produción de leite tende a concentrarse, polo que é probable que estas rexións medren máis que a media dos seus países, como ocorre no caso de Galicia-España.




Figura 5. Comparación das entregas de leite á industria no período xaneiro-décembro de 2020 co mesmo período de 2019.

Fonte: Milk Market Observatory.

Produción de leite en España e Galicia en 2020 en comparación con 2019

Durante o ano 2020, as entregas de leite de vaca á industria por parte das ganderías españolas (axustando a produción de 2020 a 365 días para poder comparar co 2019) ascenderon a 7.387.623 t, aportando as explotacións galegas o 39,1% (2.887.303 t). Estas cifras reflicten un aumento da produción española respecto do ano 2019 do 2,2% (7.226.677 t), sendo aínda superior no caso de Galicia, onde a produción foi un 3,6% superior, aumentando case en 100 mil t desde as 2.787.789 t producidas no 2019. Se ás cifras de España se lle restan as de Galicia, o aumento no total das restantes comunidades sería do 1,4%, 61 mil t, polo que Galicia aumentou máis a produción que todo o conxunto de España.

En canto os termos económicos, a facturación pola venda de leite das explotacións lácteas españolas ascendeu a 2.383,8 millóns de €, 82,6 millóns máis que o ano anterior (+3,59%). No caso de Galicia, as granxas facturaron 905,3 millóns de € pola venda de leite, 50,2 millóns de € máis que no ano 2019, un +5,9% de variación, polo que do aumento total de España, Galicia aportou o 60,8%.

SERVIZO DE ESTUDOS E INFORMES SECTORIAIS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

Autor: Adrián Botana Fernández

Fotografías cedidas por Vaca Pinta® - vaca pinta e Aula de Produtos Lácteos e
Tecnoloxías Alimentarias da Universidade de Santiago de Compostela



Fundación
Juana de Vega